

Ficha de recollida de datos

MVMC Pazos

DENOMINACIÓN DA COMUNIDADE	C.M.V.M.C DE PAZOS nº 173 NIF V-15447790
CONCELLO / PARROQUIA	Concello de Padrón - Parroquia de Iria Flavia.
DATOS PRINCIPAIS	
Superficie	<p>Total: Nº 169 -MONTE PAZOS (148 ha.) Nº 175- MONTES BAIUCA, OUTEIRÑO, CUBELIÑO E PARADA (6,83ha.) “Monte Pazos”, dende o pico do Outeiro de “Castelo Redondo” en baixada ata aproximadamente autopista AP-9, e en parte seguindo máis abaixo ata o lugar de Pousa. <u>Parcela I:</u> “Monte Baiauca” de 3,25 hectáreas, arriba de Porta dos Mariños. <u>Parcela II:</u> “Cubeliño e Outeiriño” de 3,26 hectáreas, arriba de Rúa. <u>Parcela III:</u> “Parada” de 0,32 hectáreas, arriba de Romarís.</p>
Límites	<p><u>Norte:</u> Monte comunal de Pedroso (Parroquia de Cruce) e fincas particulares. <u>Sur:</u> Monte comunal de Arretén (Parroquia de Iria Flavia). <u>Este:</u> Outeiro de “Castelo Redondo” a 435 metros de altitude, onde no pico, linda co monte comunal de Lapido, rematando en cuña entre o de Pedroso e o de Arretén. <u>Oeste:</u> propiedades particulares e lugares de Pazos.</p>
Situación xeográfica	O monte comunal de Pazos encóntrase na conca do río Ulla, na falda esquerda da subconca do río Sar, falda orientada o nacente da gran depresión meridional galega.
Altimetrías	Ten unha altitude media de 265 metros, o punto mais alto (435) ata os límites cos lugares e fincas de Pazos. Terreos de pendente moderada a forte con exposición predominante a oeste.

<p>Características do clima</p>	<p>Clima Atlántico, templado-cálido e húmido, con sequía en verán, temperatura media estimada 12,9 graos.</p>
<p>Estrutura de usos do solo</p>	<p>En Monte Pazos 70 hectáreas atópanse en Convenio nº 1515011 coa Xunta dende o 29/04/1992 adicadas á explotación de pino insigne, con pequenas zonas de brañas, carballos e frondosas autóctonas, e pequenas manchas de eucaliptos alí nados.</p> <p>No paraxe de “Chansa” sitúase un pozo anti-incendios con capacidade de 500 metros cúbicos. E en “Pousa” ten unha explanada de uns 8.000 metros cuadrados, pra almacenamento de materiais e ferramentas de explotación forestal e dúas pequenas plantacións de castaños de fruto.</p> <p>Parcela I - Baiuca; plantación de castaños de fruto, carballos e pino galego. Alí atópase un campo de fútbol, de 1,12 hectáreas, cedido o 19/04/2008 mediante convenio o concello, que no seu día dotouno de herba artificial, cerre, gradas, vestuarios, etc. Ben conservado e usado habitualmente.</p> <p>Parcela II - Outeiriño e Cubeliño; adicada á plantación de Castaños de fruto.</p> <p>Parcela III - Parada; pouca arboreda por ser zoa laxosa.</p> <p>O monte comunal cedeuse mediante o contrato con data de 29/09/2006 a Sociedade de Caza de Padrón para o aproveitamento cinégico, coa contrapartida de rozas anuais en tramos de pistas.</p>
<p style="text-align: center;">ORIXE HISTÓRICA</p>	
<p>Dise que o monte de Pazos foi aproveitado polos veciños dende tempos inmemoriais, aínda que a primeira referencia escrita encontrámola no seu deslinde aprobado por Orde Ministerial en 1955, e o seu amoxonamento en 1958.</p>	
<p>Patrimonio etnográfico</p>	<p>A tradición herdada do aproveitamento forestal duns montes por comuneiños veciños dun lugar da Parroquia, unha propiedade colectiva, xa se podería dicir que é patrimonio etnográfico en sí.</p> <p>En canto a patrimonio histórico, ten catalogada na Xunta e no Concello de Padrón:</p> <p>Unha Mámoa do neolítico no paraxe de A</p>

	<p>Chansa (moi alterada pola actividade forestal. BOP nº 207 de 09/09/1994).</p> <p>Un asentamento de hábitat da idade de bronce no mesmo paraxe de A Chansa, anque tamén case desaparecido polos antigos movementos de repoboación. BOP nº 207 de 09/09/1994.</p> <p>Asentamento fortificado medieval de Castelo Redondo, no outeiro que separa os montes de Pazos, Pedroso, Arretén e Lapido. BOP nº 207 de 09/09/1994.</p>
Patrimonio natural	<p>Os sendeiros, pistas e camiños que atravesan diversos paraxes do monte e coas vistas que se poden disfrutar da comarca do Sar.</p> <p>Tamén atravesando en zoas polo regueiro "Pastoriza" que baixa dende as brañas de Meda ata rematar no Sar. Fontes naturais entre elas algunha afluente do regueiro "Abelenda" que baixa por Iria, e varias que son aproveitadas con traídas para veciños.</p> <p>Sen olvidarse da súa riqueza en castañas, setas e a fauna normal da zoa.</p>
Actividades (Veciños)	<p>A Comunidade de Montes de Pazos, ríxese por uns Estatutos que foron aprobados o 30/07/2001, que regulan no marco da normativa vixente e aplicable, a organización, disfrute e adecuado aproveitamento do monte por parte dos comuneiros.</p> <p>Fanse reunións estipuladas, ou a petición de comuneiros, acórdanse as actuacións a facer, solicítanse subvencións, repáranse camiños, limpeza contra o lume arredor dos lugares habitados, podas, plantacións e todo o que repercuta en beneficio dos copropietarios e da conservación do monte.</p>
CATÁLOGO DE PAISAXES DOS MONTES DE TERRAS DE IRIA	
Catálogo de paisaxes	<p>Padrón, na súa zona superior do mapa, onde se atopa esta parroquia (Pazos), pertence a Área Paisaxística da Galicia Central, mentres que a súa zona inferior pertence a Área Paisaxística das Rías Baixas. De forma máis específica, xunto con Dodro e Rois conforman a Comarca do Sar.**</p>
Directrices de paisaxe	A Paisaxe nas Terras de Santiago- A

Barcala, caracterízase pola súa heteroxeneidade. En concreto en Pazos, posúe unha gran extensión de agrosistema extensivo e intensivo, así coma zonas de rururbano (diseminado).**


* Datos obtidos da páxina web da Consellería do medio rural [enlace](#). Datos cartográficos para a realización dos diferentes mapas no distrito forestal IV e no visor do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia.

**Datos obtidos da páxina do Catálogo de Paisaxes mediante o [enlace](#).


Anexo

A continuación amósanse capturas do QGIS e do visor de mapas relacionadas ca visualización dos Montes Man Comúns, o da ficha e os colindantes.


Anexo I: Mapa elaborado no QGIS 3.260



Anexo II: Mapa de montes veciñais



Anexo III: Mapa de ocupación do solo SIOSE 2014. Información xeográfica de Galicia



Anexo IV: Mapa elaborado no QGIS CLOUD free. Mapa satélite

